



## GRUPO DE TRABAJO DE CALENDARIO LABORAL

**Novo capítulo en donde CSIF, CCOO e CIG reclaman e presionan por melloras reais para todo o persoal, e onde outro sindicato acepta calquera cousa**

Onte, 21 de novembro, tivo lugar unha nova reunión do Grupo de Traballo de Calendario Laboral. Segunda reunión deste tipo na que chegamos á reunión sen ter orde do día nin coñecemento das propostas da Administración.

Tras asistir á primeira, e decatarnos alí mesmo de que a Administración nos pedía propostas para modificar o calendario laboral, ao mesmo tempo que eles tamén querían introducir modificacións, CIG, CSIF e CCOO realizamos a nosa proposta, unha proposta seria con melloras reais para todo o persoal aplicables durante todo o ano.

Enviamos, en documento anexo, propostas presentadas conxuntamente por CCOO, CIG e CSIF e o que di a Administración:

### ***“1. Segundo día semanal de traballo a distancia.***

*Entrada en vigor el 1 de enero de 2025 del segundo día semanal de trabajo a distancia con arreglo al Acuerdo de 16 de mayo de 2023 para todo el personal.*

*La realización de la jornada de tarde en la modalidad de trabajo a distancia podrá superar las 3 horas.”*

A Administración di agora que se vai publicar, presuntamente en decembro, unha nova instrución da Dirección Xeral da Función Pública e que van esperar a ver que di. Ante a pregunta de se xa teñen feito o estudo dos postos susceptibles de máis días, contestan que si. Ante a pregunta de canto tempo van tardar en aplicar ese estudo dos postos á presunta instrución da Dirección Xeral da Función Pública, non saben, non contestan.

Conclusión: NON TEÑEN VERGOÑA DESPOIS DE TANTO TEMPO AGARDANDO.

### ***“2. Inicio de la jornada a las 7:00 horas.***

*La jornada laboral podrá comenzarse a las 7:00 horas.”*

A Administración négase rotundamente. Di que vulnera a normativa. Lémoslles a Resolución do 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos, que no seu artigo 3.2.a) di: “a) Xornada de mañá. O horario fixo de presenza no posto de traballo será de 9:00 a 14:30 horas de luns a venres. O tempo restante ata completar a xornada semanal realizarase en horario flexible, entre as 7:00 e as 9:00 de luns a venres e entre as 14:30 e as 18:00 de luns a xoves, así como entre as 14:30 e as 15:30 horas os venres.”

Conclusión: Non saben nin a normativa a aplicar.



### ***“3. Horario de presencia obligatoria de 9 a 14 horas.***

*El horario de presencia obligatoria se iniciará a las 9:00 horas y finalizará a las 14:00 horas, sin perjuicio de las jornadas especiales y de los supuestos de conciliación.”*

A Administración négase rotundamente. Di que vulnera a normativa.

Conclusión: A normativa non impide que se modifique este apartado.

### ***“4. Duración de la jornada de tarde proporcional al número de días trabajados en la semana.***

*La duración mínima obligatoria de la jornada de tarde será proporcional al número de días efectivamente trabajados de lunes a jueves en la semana con arreglo a la siguiente escala:*

- 5 días trabajados: Jornada de tarde de 3:00 horas.
- 4 días trabajados: Jornada de tarde de 2:30 horas.
- 3 días trabajados: Jornada de tarde de 1:30 horas.
- 2 días trabajados: Jornada de tarde de 1:00 horas.
- 1 días trabajados: Sin jornada de tarde.

Conclusión: aceptan a nosa proposta, mellor que outra presentada.

### ***“5. Fecha máxima de disfrute de los permisos.***

*Las vacaciones y los días de asuntos propios se podrán disfrutar hasta el 31 de marzo del año siguiente.”*

A Administración négase rotundamente. Di que vulnera a normativa.

Conclusión: A normativa non impide que se modifique este apartado, estase realizando noutros ámbitos da Administración Xeral do Estado e non se acaba o mundo.

### ***“6. Redondeo al alza de los permisos en los años de incorporación, reincorporación y cese en el trabajo.”***

O motivo desta reclamación era as distintas interpretacións, algunhas delas en prexuízo do persoal, para facer o cálculo dos días aos que se tiña dereito nestes supostos. As Entidades comprometéronse a ditar instrucións para que todos os permisos se redondeen á alza.

Conclusión: aceptan a nosa proposta.

### ***“7. Jornada de verano.***

*Por motivos de conciliación de la vida personal, familiar y laboral, los empleados y empleadas públicos con hijos, descendientes o personas sujetas a su tutela o acogimiento de hasta 14 años de edad, o sin límite de edad en el supuesto de discapacidad superior o igual al 33% y siempre que convivan con el solicitante y dependan de este, estando a su cargo, podrán acogerse a esta modalidad de jornada intensiva desde el lunes de la semana del 1 de junio y hasta el viernes de la semana del 30 de septiembre de cada año.*



*Este derecho podrá ejercerse también en el año en el que el menor cumpla la edad de 14 años.”*

Conclusión: aceptan a nosa proposta.

Tamén se estudaron outras propostas con dispar resultado.

Algunhas propostas xa as levamos anos reclamando e xa se converteron en reclamacións comúns de toda a parte social e, por iso, houbo unanimidade entre todos os sindicatos con elas.

Cando iamos levantar a sesión, díxonos a Administración que todas estas propostas que aceptaran eran coa condición de que aceptáramos unha que nos ían facer nese momento. Estaba relacionada con establecer a obrigatoriedade de prestar o servizo de tarde un día determinado. Pero, por suposto, nin o traían por escrito nin se aclaraban entre as Entidades e o Ministerio para saber que querían propoñer. Iso non foi inconveniente para que outro sindicato dixera alí mesmo que non lle parecía mal a proposta, sen sequera coñecer os detalles para saber como afectará ao persoal. Isto é o que padecemos todos os días nas mesas de negociación.

**CSIF**, **CCOO** e **CIG** só aceptaremos cambios que no seu conxunto melloren as condicións de traballo. Por este motivo estamos levando a cabo mobilizacións en diversas provincias. Porque non somos sindicatos submisos. Porque o noso único obxectivo é mellorar as condicións de traballo de todo o persoal. Porque somos sindicatos loitadores. Porque loitando é como se conseguen melloras reais.

**CCOO**, **CIG** e **CSIF** analizaremos con detemento a proposta que se nos faga chegar e decidiremos se asinamos ou non estas modificacións, recordando á presidencia do Grupo de Traballo o que establece o Regulamento da Mesa as maiorías necesarias para a aprobación dos asuntos. Non queremos *salvapatrias*, con independencia do lado da mesa en que se senten.

**22 de novembro de 2024**

**Polos nosos dereitos e a mellora das condicións de traballo**

**Por unha mellora real das condicións de traballo!**

**POR UN SERVICIO  
DE CALIDAD**

**POR LA SEGURIDAD SOCIAL**



**PROVISIÓN**

**+PLANTILLA**

**PRODUCTIVIDAD**

**+FORMACIÓN**

**+ORGANIZACIÓN**

**-SOBRECARGA DE  
TRABAJO**

**REVISIÓN DE RPT**

**CALENDARIO**

**TRABAJO A  
DISTANCIA**

**MEJORES CONDICIONES DE TRABAJO**

**POR TÍ - POR TOD@S**